

ACTA



En Arzúa, a 19 de xuño de 2018.

Sendo as 11.00 horas, reúnense no Salón de Sesiões da Casa do Concello os membros integrantes do Tribunal Cualificador que cualificará a **segunda proba sobre coñecemento dos contidos do temario que figura como Anexo I, das Bases que rixen o proceso de selección**, das tres probas de que consta a oposición convocada, para poder seleccionar á persoa que será contratada como **Auxiliar da policía local**, durante un período de seis meses, de conformidade coas bases aprobadas por decreto do alcalde, de data 6 de abril de 2018, que se modificaron por outro decreto de 4 de maio de 2018.

Estando presentes os seguintes catro integrantes de dito Tribunal Cualificador:

- *Presidente: Don Alvaro José Noya Grela (*Policía local do Concello de Ordes*).
- *Secretario: don Juan Colmenares López-Soldado (*Secretario do Concello de Arzúa*).
- *Vogais:
 - Don Alejandro García Rosendo (*Policía Local do Concello de A Estrada*).
 - Don Jorge Trillo Trillo (*Policía local do Concello de Ordes*).

E visto que existe o quórum suficiente para a válida constitución do Tribunal Cualificador, -de conformidade co disposto no artigo 17 nº 2 da Lei 40/2015 de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público- o Sr. presidente procedeu a declarar constituído dito Tribunal, co obxecto de valorar a segunda proba deste proceso de selección; cuxo exercicio consistirá en responder a un cuestionario de cincuenta preguntas, tipo test, sobre os contidos do temario que se recolle no Anexo I das Bases que rixen a oposición; así como outras cinco preguntas de reserva, para o suposto de que fora necesario substituír algunha das anteriores, por non adoptarse ao temario incluído no referido Anexo.

Para o cal, polo presidente e por os dous vogais, elaboráronse -con anterioridade ao día de hoxe- as cincuenta cuestións, mais as cinco cuestións de reserva, en que consistirá dito exercicio, de maneira que cada cuestión formulada tivera catro respostas alternativas, sendo só unha de tales respostas a considerada como correcta.

E así, unha vez efectuadas as fotocopias suficientes dos doce folios que conteñen todas as cuestións elaboradas, procedeuse a facer entrega deses doce folios fotocopiados a cada un dos catro aspirantes que compareceron a realizar este exercicio, facéndolles saber o secretario do Tribunal Cualificador:

- Que deberán facer constar o seu nome e apelidos en cada un dos folios entregados, así como o número do seu Documento Nacional de Identidade.
- Que deberían marcar, sobre as fotocopias facilitadas, cal era en cada caso a resposta correcta, o cal se podía facer mediante un círculo ou cunha equis.
- Que será necesario obter unha puntuación de 5 puntos sobre 10 posibles, para superar o exercicio. (Posto que dita proba se cualificará desde 0 a 10 puntos).
- Que a cualificación farase atendendo á seguinte fórmula: $N=(A-F/3)/5$
(Sendo N= nota final da proba; A= preguntas acertadas; F= preguntas erradas ou non

contestadas).

Realizando a aclaración de que F/3 quere dicir que, de por cada tres respostas erradas ou non contestadas, descontarase un punto.

-Que as puntuacións obtidas por cada aspirante serían publicadas no Taboleiro de Edictos da Casa do Concello e na páxina web do concello.

- Que o tempo máximo para responder ás cincuenta cuestións, mais as cinco de reserva, será de 60 minutos, desde as 11.07 horas ata as 12.07 horas.

Sendo o cuestionario das cincuenta preguntas o que figura unido á presente acta, así como unha plantilla coa indicación de cal é a resposta correcta en cada caso.

E igualmente achégase xunto con esta acta o cuestionario que contén as cinco preguntas de reserva, e tamén unha plantilla coa indicación de cual é a resposta correcta en cada caso.

Dándose a circunstancia de que os catro aspirantes entregaron os seus exercicios antes de transcorrer o período de tempo indicado para contestar as cuestións; polo que a partir das 11.55 horas, procedeuse a realizar a corrección dos catro exercicios realizados.

Como resultado da corrección deses cuestionarios, o Tribunal Cualificador -por unanimidade dos seus catro membros integrantes- outorgou as seguintes puntuacións:

Nome e apelidos	Respostas preguntas		Puntuacións
	Ben	Mal	
Carlos Mejuto Ares	46	4	8,94
Faustino José Costas Tilve	44	6	8,4
Luis Antonio Mato Gil	39	11	7,08
Alberto Maneiro Liñares	38	12	7

Tras considerar oportuno repasar as puntuacións outorgadas a cada aspirante, comprobando de novo os cuestionarios contestados, adoptáronse -tamén por unanimidade dos catro membros do Tribunal Cualificador- os seguintes acordos:

Primeiro.- Ratificar as puntuacións que quedaron indicadas, para cada un dos catro aspirantes presentados.

Segundo.- Declarar que os catro aspirantes presentados superaron o exercicio realizado no día de hoxe, sobre coñecementos dos contidos do temario que se inclúe no Anexo I das Bases que rixen o proceso de selección; por canto que obtiveron unha cualificación superior aos cinco puntos.

Terceiro.- Concretar queo terceiro exercicio, sobre coñecementos do idioma galego, non será necesario realizalo, dado que os catro aspirantes que superaron o segundo exercicio (realizado no día de hoxe) acreditaron que estaban en posesión do Celga 3; polo que, segundo se dispón na Base 6ª das que rixen o proceso de selección, estarían exentos da súa realización, e procedese a outorgarlles a puntuación máxima de 3 puntos a cada un deles nese terceiro exercicio.

Cuarto.- Establecer como puntuación final de cada un dos citados catro aspirantes, a resultante da suma do exercicio segundo, mais a valoración obtida no exercicio terceiro que non foi realizado, ao acreditar os catro aspirantes que estaban en posesión do Celga 3; polo que tales puntuacións serían as seguintes:

Nome e apelidos	2º exercicio	Exer. galego	TOTAL
Carlos Mejuto Ares	8,94	3	11,94
Faustino José Costas Tilve	8,4	3	11,4

Luis Antonio Mato Gil	7,08	3	10,08
Alberto Maneiro Liñares	7	3	10

Quinto.- Formular a proposta de contratación a favor do aspirante que obtivo a maior puntuación, que resultou ser Carlos Mejuto Ares, e para o suposto de que este non presente a documentación necesaria para poder ser contratado (a que se refire a Base Oitava desta oposición) dentro dos tres días naturais seguintes ao da publicación da presente acta no Taboleiro de Editos da Casa do Concello, ou non acredite dentro dese prazo que reúne os requisitos esixidos ou renuncie en calquera momento a súa contratación; a proposta realizada ao seu favor entenderase trasladada a favor do seguinte aspirante, e así, sucesivamente, ata chegar ao cuarto aspirante que tamén superou este proceso de selección.

Sexto.- Dispoñer a publicación, no Taboleiro de Edictos da Casa do Concello e na páxina web do Concello, dun exemplar desta acta:

a) Para coñecemento dos interesados, e aos efectos de reclamacións ou de calquera outro acto impugnatorio, e

b) Para determinar o inicio do cómputo do prazo de tres días naturais (a partir do día seguinte a publicación desta acta), co obxecto de que o aspirante proposto poida presentar a documentación esixida na Base Oitava das que rixen a oposición.

Co cal douse por rematado o acto, ás 11.40 horas do indicado día; estendéndose a presente acta, para ser subscripta polos membros do Tribunal Cualificador e para constancia no expediente: De todo o cal dou fe.

CONCELLO DE ARZÚA

EXAMEN TEÓRICO PARA AUXILIARES DE POLICÍA LOCAL

NOME:

D.N.I.-

ACERTOS

ERROS

PUNTUACIÓN

1. ¿Cal dos seguintes regulamentos NON desenrola o texto refundido da Lei de Tráfico, Circulación de Vehículos a Motor e Seguridade Vial?
 - a. O Regulamento Xeral de Medidas especiais de Regulación do Tráfico.
 - b. O Regulamento Xeral de Circulación.
 - c. O Regulamento Xeral de Condutores.
 - d. O Regulamento Xeral de Vehículos.

2. Un auxiliar de Policía Local, ¿Pode formular denuncias en materia de tráfico con carácter de Axente da autoridade?
 - a. Si sempre.
 - b. Dependerá do Xefe da unidade.
 - c. En ningún caso.
 - d. Si, sempre que o autorice o Alcalde.

3. ¿Que é unha estrada convencional?
 - a. Calquera vía reservada exclusivamente á circulación de automóbiles.
 - b. Aquela estrada que non reúne as características propias das autopistas, autovías e vías para automóbiles.
 - c. Aquela estrada que non discorre por poboado.
 - d. Aquela estrada que discorre por poboado.

4. ¿Cal é o porcentaxe de reserva e garantías para o sistema de mobilidade das distintas categorías das Policías Locais de Galicia?
 - a. 25%
 - b. 30%
 - c. 35%
 - d. Ningunha e correcta.



5. A inmovilización dun vehículo que non se atopa en situación de detención ou parada, denomínase:
- Inmovilización.
 - Detención.
 - Estacionamento.
 - Parada.
6. ¿Cal das seguintes armas non veñen recollidas no Decreto que determina os medios técnicos das Policía Local de Galicia como medios de dotación individual?
- Arma de fogo e defensa extensible.
 - Spray de autodefensa.
 - Inmovilizador eléctrico homologado.
 - Navalla homologada.
7. ¿Cales son os elementos do municipio?
- O territorio, a poboación e a organización.
 - O Alcalde, os Tenentes de Alcalde e o Pleno.
 - O Concello, as competencias e os servizos municipais.
 - O termo municipal e as entidades para a administración descentralizada de núcleos de poboación separados.
8. É competencia do Alcalde:
- Aprobar os orzamentos.
 - Exercer a xefatura da Policía Local.
 - Aceptar a delegación de competencias.
 - Aprobar as ordenanzas e bandos.
9. Salvo nos municipios que funcionan en réxime de consello aberto, ¿Quen aproba as ordenanzas municipais?
- O Pleno do Concello.
 - O Alcalde.
 - A Xunta de Goberno Local.
 - O Parlamento municipal.
10. ¿En que norma legal se atopan tipificados os delitos contra a seguridade viaria?
- Na Lei de Tráfico e Seguridade Viaria.
 - No regulamento Xeral de Circulación.
 - Na Lei Orgánica de Forzas e Corpos de Seguridade do Estado.
 - No Código penal.



11. ¿Cal dos seguintes trámites é obrigatorio andes da aprobación definitiva dunha ordenanza municipal?
- Obter autorización da Dirección Xeral de Administración Local da Comunidade Autónoma.
 - Obter autorización da Delegación do Goberno da Comunidade Autónoma.
 - Obter ditame favorable do Consello de Estado e do órgano consultivo equivalente da Comunidade Autónoma
 - Someter o texto aprobado inicialmente a información pública e audiencia dos interesados.
12. ¿Que infracción cometerá que conduce un vehículo a motor con temeridade manifesta e puxer en concreto perigo a vida das persoas?
- Unha infracción penal.
 - Unha infracción administrativa.
 - Unha falta penal.
 - Unha infracción civil.
13. Para o desempeño das súas funcións, o persoal auxiliar de Policía Local en Galicia:
- Deberá vestir o uniforme correspondente ao corpo de Policía Local en que preste temporalmente o seus servizos, adecuado a súa condición.
 - Poderá vestir o uniforme correspondente ao corpo de Policía Local en que preste temporalmente os seus servizos ou ir vestido de paisano, segundo determine o Concello.
 - Irán vestidos de paisano, pero co dispositivo e o documento de acreditación correspondente a súa condición.
 - Levarán o armamento regulamentario que lle asignen.
14. A validez da tarxeta acreditativa de persoa vendedora ambulante en Galicia caducará:
- Ó ano da súa expedición.
 - Non caduca
 - Ós 5 anos da súa expedición.
 - Ós 10 anos da súa expedición.



15. Segundo o artigo 24.1 da Lei 4/2007 de 20 de abril, de coordinación de policía locais, os corpos de Policía Local de Galicia estruturaránse xerarquicamente nas seguintes escalas:
- Superior, técnica e básica.
 - Superior, técnica, executiva e básica.
 - Superior, técnica e executiva.
 - Técnica, executiva e básica.
16. Nunha intersección sinalizada, que comportamento non é correcto?
- Os condutores dos vehículos que se aproximen a unha intersección na que haxa axentes da circulación regulando o tráfico, respectarán as ordes destes antes que o resto dos sinais.
 - Todo condutor que se aproxime a unha intersección regulada por semáforos, terá que respectalos.
 - Os vehículos que se aproximen pola dereita terán sempre prioridade de paso, independentemente do resto de sinais que poidan existir no cruzamento.
 - Nunha intersección sinalizada con sinal de ceda o paso, os condutores cederán sempre o paso ós vehículos que transiten pola vía preferente.
17. En que título da Lei 4/2007, de 20 de abril, de coordinación de policía locais se regula a figura dos auxiliares de policía local:
- No título VI.
 - No título VII.
 - No título VIII.
 - No título IX.
18. A condición de veciño adquirese:
- Cando se da de alta no INE.
 - Cando se realiza o traslado de domicilio e no momento que se comunica ó Concello de procedencia.
 - No mesmo momento de inscrición no Padrón.
 - Cando se aproba a inscrición polo órgano competente.



19. Segundo o recollido na Lei de Coordinación de Policías Locais de Galicia, pódese realizar un servizo policial sen arma regulamentaria?
- Nunca, xa que a Lei obriga a portar armas como axentes da autoridade.
 - Soamente se o autoriza o Alcalde e sempre que esta autorización se realice de modo motivado.
 - Soamente autorizarao o xefe da policía para determinados servizos.
 - Non é necesario ningunha xustificación porque en determinados servizos non necesitan arma.
20. Segundo o artigo 52 da Lei 4/2007 de 20 de abril, de coordinación de policías locais, para a representación, defensa e promoción dos seus intereses profesionais, económicos e sociais, os funcionarios dos corpos da Policía Local de Galicia:
- Poden integrarse libremente nas organizacións sindicais, separarse delas e constituír outras organizacións, dacordo co marco legal aplicable.
 - Poden integrarse nas organizacións sindicais mais representativas do seu centro de traballo.
 - Non poden integrarse en organizacións sindicais nin constituír outras organizacións similares xa que o persoal de seguridade pública non ten dereito a sindicarse.
 - Ningunha e correcta.
21. Segundo o Regulamento Xeral de Circulación, queda prohibido parar en:
- Nos pasos a nivel.
 - Nos pasos para ciclistas.
 - Nos pasos para peóns.
 - Tódalas respostas anteriores son correctas.
22. Segundo a Lei de Coordinación de Policías Locais de Galicia, as faltas leves cometidas polos Policías Locais prescriben:
- Aos seis meses.
 - Ao mes.
 - Aos tres meses.
 - Ao ano.



23. Os horarios de apertura e peche dos espectáculos e establecementos públicos en Galicia:
- Están regulados por normativa estatal exclusivamente.
 - Están regulados por normativa galega.
 - Están regulados mediante ordenanzas locais exclusivamente.
 - Ningunha é correcta.
24. O acceso á categoría de Inspector de Policía Local realizarase, entre outras, por promoción interna entre membros do corpo:
- Que teñan un mínimo de tres anos na categoría de Oficial.
 - Que teñan un mínimo de catro anos na categoría de Oficial.
 - Que teñan un mínimo de cinco anos na categoría de Oficial.
 - Ningunha é correcta.
25. Os procedementos e probas ás que un condutor terá que someterse para detectar no seu organismo a presenza de drogas, recollese en:
- Artigos 27 e 28 do Real Decreto 1428/2003 de 21 de novembro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Circulación e artigo 769.1.7ª da Lei de Procesamento Criminal.
 - Artigo 786.7.8ª do Real Decreto de 14 de setembro de 1992, aprobado pola Lei de Procesamento Criminal.
 - Artigo 28 do Regulamento Xeral de Circulación e artigo 796.1.7ª da Lei de Procesamento Criminal.
 - Ningunha é correcta.
26. ¿Que artigo da Lei Orgánica 2/1986 de 13 de marzo, de Forzas e Corpos de Seguridade recolle a función de Policía Administrativa entre as funcións da Policía Local?
- Artigo 50
 - Artigo 51
 - Artigo 52
 - Artigo 53
27. ¿A quen corresponde a presidencia da Xunta Local de Seguridade?
- Ao Xefe da Policía Local.
 - Ao Alcalde
 - Ao Presidente da Deputación.
 - Son correctas as respostas A e B.



28. ¿Quen está obrigado a utilizar o cinto de seguridade cando circule nun vehículo?
- Unicamente o condutor e o acompañante do asento dianteiro cando se circule por vía interurbana.
 - Unicamente o condutor cando se circule por vía urbana en zonas de prioridade peonil.
 - O condutor e tódolos ocupantes dos vehículos, tanto en vía urbana como interurbana.
 - En vía urbana ou interurbana tódolos ocupantes, excepto o condutor cando realice a manobra de cambio de dirección.
29. ¿Os condutores de vehículos tipo "Quad" deberán utilizar casco?
- Soamente cando circulen en vías interurbanas.
 - Cando circulen en vías urbanas e interurbanas.
 - Soamente cando vaian a circular a mais de 20 km/h.
 - Nunca.
30. As competencias do Alcalde están reguladas no artigo:
- 21 da Lei de Bases de Réxime Local.
 - 22 da Lei de Bases de Réxime Local.
 - 23 da Lei de Bases de Réxime Local.
 - 25 da Lei de Bases de Réxime Local.
31. En base a que artigo do Regulamento Xeral de Circulación denunciaríase a un condutor que non faga uso do cinto de seguridade homologado
- Artigo 117
 - Artigo 118
 - Artigo 119
 - Artigo 116
32. A inspección técnica periódica dos vehículos farase cá seguinte frecuencia:
- Quads: os 4 primeiros anos de antigüidade será anual.
 - Ciclomotores de ata 50cc: exentos sempre.
 - Transporte escolar: os 5 primeiros anos de antigüidade están exentos
 - Tractores agrícolas: os primeiros 8 anos de antigüidade están exentos.



33. Segundo establece o Regulamento Xeral de Circulación no seu anexo II, entenderase por marchas ciclistas organizadas aquelas actividades de mais de:
- 25 ciclistas.
 - 50 ciclistas.
 - 100 ciclistas.
 - 150 ciclistas.
34. Segundo a Lei de Coordinación de Policías Locais de Galicia, ¿Cal das seguintes non é una falta grave?
- A grave desconsideración co persoal de pertenza o corpo ou ca cidadanía, no exercicio das súas funcións ou cando cause descrédito notorio á institución policial.
 - O incumprimento do deber de fidelidade á constitución e ó Estatuto de Autonomía no exercicio das funcións.
 - Non presta servizo alegando suposta enfermidade.
 - Todas son correctas.
35. Segundo establece o artigo 22 do vixente Código Penal, "executar o feito con abuso de autoridade" e unha circunstancia:
- Atenuante.
 - Agravante.
 - Eximente.
 - Dita circunstancia non está recollida no mencionado artigo.
36. ¿Un peón que circule pola calzada ou a beiravía, cando deberá ir provisto dun elemento luminoso ou reflector homologado?
- Sempre.
 - Nunca.
 - Cando o faga en poboado, entre o ocaso e a saída do sol.
 - Cando o faga fora de poboado, entre o ocaso e a saída do sol.



37. Cal das seguintes afirmacións é falsa:
- Onde existan pasos de peóns, os que se dispoñan a atravesar a calzada, deberán facelo por eles.
 - Os peóns poderán atravesar as prazas e as glorietas pola calzada cando comprobasen que non hai risco e rapidamente.
 - Para atravesar a calzada fora dun paso de peóns, deberán cerciorarse de que poden facelo sen risco nin entorpecemento indebido.
 - Ó atravesar a calzada, non poderán demorarse nin deterse nela sen necesidade e non entorpecer o paso dos demais.
38. ¿Que sinal é a R-1?
- Ceda o paso.
 - STOP
 - Prioridade sentido contrario.
 - Ningunha é correcta.
39. Cal é a sinal de tráfico que goza de maior prevalencia:
- As circunstanciais.
 - As dos semáforos.
 - As verticais.
 - As dos axentes.
40. ¿Pódese inmovilizar unha motocicleta cuxo condutor non faga uso do casco obrigatorio?
- Si, pero tena que ordear o Xefe da Policía Local.
 - Non, é suficiente cá denuncia.
 - Non procede a súa inmovilización.
 - Si.
41. ¿Por onde poderá circular o impedido que transite en silla de rodas sen motor, a velocidade do paso humano?
- Se existe, circulará pola zona peonil.
 - Sempre polo marxe dereito da calzada.
 - Polo arcén, e se non existe ou non é transitable, pola calzada.
 - Por onde considere o impedido, pola zona peonil, polo arcén ou pola calzada.



42. A sinal V-5 corresponde a:
- Limitación de velocidade.
 - Vehículo longo.
 - Vehículo lento.
 - Placa de ensaio ou investigación.
43. A actuación da Policía Administrativa iniciárase:
- De oficio, por denuncia de particulares ou por demanda da Administración.
 - Sempre de oficio.
 - De oficio e por denuncia.
 - Só cando a Administración competente o demande.
44. Colocar imprevisibles na vía orixinando un grave risco para a circulación:
- Considérase un delito contra a seguridade vial.
 - Non se considera un delito contra a seguridade vial.
 - Considerase un delito contra a seguridade vial se se causa un accidente mortal.
 - Ningunha resposta é correcta.
45. ¿Pode un peón ser sancionado por taxas de alcoholemia?
- Si, dende a entrada en vigor da última modificación do RDL 339/90 de 2 de marzo.
 - Si, aínda que solo si está implicado nun accidente ou cometeu unha infracción o Regulamento Xeral de Circulación.
 - No.
 - Son correctas as respostas A e B.
46. ¿Que deberá facer todo usuario da vía implicado nun accidente de circulación?
- Facilitar os datos do vehículo a outras persoas implicadas no accidente, se llo pedisen.
 - Deter o seu vehículo, sen importar o lugar.
 - Regular o tráfico ata que cheguen os Axentes.
 - Cando resultasen persoas feridas gravemente ou mortas, recolleranse os restos do vehículo que puidesen ser probas para que non se extravíen e entregaránselle ós Axentes.



47. Cando a duración do estacionamento autorizado está limitado, ¿de que cor son as marcas que delimitan o estacionamento?
- Branca.
 - Azuis.
 - Amarelas descontinuas.
 - Amarelas continuas.
48. Que velocidade xenérica se aplica en vías urbanas
- 60 km/h.
 - 45 km/h.
 - 50 km/h.
 - Ningunha resposta é correcta.
49. ¿Pódese retirar un vehículo diante dun vao perfectamente sinalizado?
- Si.
 - Non.
 - Depende do que estableza a ordenanza municipal.
 - Ningunha resposta e correcta.
50. ¿Que sinal é a R-307?
- Parada prohibida
 - Estacionamento prohibido.
 - Parada e estacionamento prohibido.
 - Ningunha é correcta.



PREGUNTAS RESERVA

R1. As sancións urbanísticas impostas por faltas moi graves prescriben ós:

- a. 5 anos.
- b. 3 anos.
- c. 2 anos.
- d. 6 anos.

R2. ¿Por que lado deben baixar os ocupantes dun vehículo?

- a. Polo lado mais próximo ó borde da vía, como norma xeral.
- b. Polo lado dereito sempre.
- c. Por ambos lados.
- d. Por onde sexa mais cómodo.

R3. ¿Un auxiliar de Policía Local pode realizar unha detención cando se atope con un delito "in fraganti"?

- a. No, xa que esta función está asignada as Forzas e Corpos de Seguridade do Estado.
- b. Si, sempre.
- c. Si, sempre que llo ordene un superior.
- d. Ningunha resposta é correcta.

R4. Os supostos de circulación en sentido contrario ó estipulado, terán a consideración de:

- a. Infraccións graves.
- b. Infraccións moi graves.
- c. Infraccións leves.
- d. Infraccións moi graves, se provocan un accidente.

R5. Cando se leva colocado un sistema de retención infantil (SRI) no asento dianteiro:

- a. Non se pode levar un SRI no asento dianteiro.
- b. Solo se poden levar os SRI nos asentos traseiros.
- c. Débese desconectar o airbag do condutor.
- d. Débese desconectar o airbag do copiloto.



CADRO DE RESPOSTAS DO SEGUNDO EXERCICIO NO PROCESO SELECTIVO PARA
A CONTRATACIÓN DE UN AUXILIAR DA POLICÍA LOCAL NO CONCELLO DE
ARZÚA NO ANO 2018.

1-A	2-C	3-B	4-A	5-C
6-C	7-A	8-B	9-A	10-D
11-D	12-A	13-A	14-C	15-B
16-C	17-C	18-C	19-B	20-A
21-D	22-B	23-B	24-A	25-C
26-D	27-B	28-C	29-B	30-A
31-A	32-D	33-B	34-B	35-D
36-D	37-B	38-A	39-D	40-D
41-C	42-C	43-A	44-A	45-C
46-A	47-B	48-C	49-A	50-C
R1-A	R2-A	R3-B	R4-B	R5-D

Arzúa, 19 de xuño de 2018.

Secretario do tribunal

Asdo.- Juan Colmenares López-Soldado